

Bases da Convocatoria das Conversas do CulturaLab da Primavera

Un ano máis, e xa van tres, volve o CulturaLab do Máster de Servizos Culturais da USC. Nesta edición de 2017 quere seguir abríndose á sociedade e facilitar un mecanismo máis de participación do propio alumnado. Por este motivo ábrese esta Convocatoria para a selección de relatores/conversadores das Conversas do CulturaLab.

Nesta edición o CulturaLab insírese no Curso da Primavera, un espazo de pensamento cunha dilatada traxectoria na cidade de Lugo. O curso de primavera toma o seu nome dunha actividade desenvolvida nas décadas de 1960 e 1970 polo instituto masculino Lucus Augusti e organízase como un foro de debate e presentación das novidades en investigación sobre o tema elixido cada ano. En edicións anteriores as cuestións que centraron o Curso de Primavera foron, entre outras, a realidade e as perspectivas das Humanidades, a dinámica das relacións Oriente-Occidente, os Dereitos Humanos, os camiños de peregrinaxe, a crise de Occidente baixo unha perspectiva multidisciplinar.... Este ano o curso de Primavera misturase co CulturaLab que se viñan desenvolvendo estes anos no campus de Lugo. Así, nesta neste ano céntrase nas "Olladas arredor da Cultura Contemporánea" e nel desenvolveranse diversas intervencións, tanto obradoiros como conversas nas que falaremos sobre diversidade, autonomía dos centros culturais, dereito á cultura e cultura híbrida.

A través desta convocatoria buscamos seleccionar dúas persoas/colectivos interesadas en participar en dúas das conversas que se darán no marco deste encontro que terá lugar os días 20 e 21 de maio de 2017 en Lugo. Estas conversas deberán estar relacionadas co concepto cultura híbrida, é dicir, procuramos atender a través desta convocatoria propostas, accións ou investigacións que mesturen e fagan interactuar a cultura con outros campos, nas que se dean procesos que superen as visións do culto vs popular. Con esta convocatoria buscamos persoas que

esteen traballando/impulsando propostas que escapen das visións tradicionais de cultura e se crucen con outras manifestacións, como pode ser a ciencia, a tecnoloxía, a saúde ou o territorio...

As sesións terán unha duración máxima de 1 hora e un formato de conversa.

COMO SER UN DOS RELATORES/CONVERSADORES?

Aquelas persoas que desexen enviar unha proposta deben remitir un documento pdf ao enderezo msc.culturalab@usc.es coa seguinte información:
Título da conversa
Nome e apelidos (poden participar persoas ou colectivos)
Breve currículo
Proposta de conversa (como máximo 2 follas cunha breve explicación indicando que pode achegar ao debate a persoa/colectivo que se postula)

VALORARASE:

Adecuación ao obxecto de debate
Claridade de ideas
Innovación na proposta
Relevancia teórica da proposta

O Comité de Selección estará composto polo alumnado matriculado matriculadas na edición 2016/2017 do Máster de Servizos Culturais da USC e polo coordinador do CulturaLab, Fran Quiroga. Entre eles seleccionarán aos conversadores en función dos criterios establecidos.

PAZOS:

Envío de propostas: ata o 3 de maio
Escala de propostas
seleccionadas: 10 de maio

Cada relator/ra seleccionado/da recibirá 200 € (impostos engadidos), o custo do desprazamento e inclúese unha noite de hotel.

+ información en:
<http://culturalab.tumblr.com/>

Información do Máster de Servizos Culturais: <http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/artes-humanidades/servizos-culturais-semipresencial>

Para calquera dúbida poden dirixirse a msc.culturalab@usc.es